



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DO GRAO ELEMENTAL DAS ENSIANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE MÚSICA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 26 de xuño de 2007, emite o seguinte ditame provisorio en relación co Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

1.- O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa a que se fagan as modificacións legislativas necesarias que permitan incorporar como especialidade das ensinanzas elementais de música a zanfona, co seu correspondente currículo.

2.- Tamén lle recomenda á Administración educativa a creación de centros integrados nos que o alumnado poida compaxinar nese mesmo centro as ensinanzas de réxime xeral coas de réxime especial.

3.- No punto 3 do artigo 12º, propónse a inclusión da expresión: “, **cualitativa**” inmediateamente despois de: “continua”. (Páxina 5, liña 32).

4.- No texto do apartado 1 do artigo 14º, propónse a supresión da seguinte expresión: “**en ningún caso**”. (Páxina 6, liña 20).

5.- Para o apartado g) do artigo 17º, propónse que se engada ao final do parágrafo, o seguinte texto: “**As aulas contarán coas calidades acústicas axeitadas**”. (Páxina 7, liña 26).

6.- Propónse unha nova redacción para o punto 2 da disposición adicional sétima, co seguinte texto: “**Cando as condicións o permitan, o alumnado dunha mesma especialidade recibirá unha clase colectiva de 60 minutos á semana**”. (Páxina 9, liña 28).

7.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa a necesidade de regular o acceso a estas ensinanzas para o alumnado con discapacidade, sempre que a súa discapacidade lles permita cursar as ditas ensinanzas. Nesa regulación terase en conta a autonomía dos centros.



8.- Recomendalle tamén, que se fagan campañas de promoción e difusión da aprendizaxe da música, dada a súa importancia para o desenvolvemento intelectual das persoas e coa finalidade de que os alumnos e as alumnas se interesen máis por ela.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo